

O 14 de setembro de 2015 foi o 50 aniversario da entrada en Astano da promoción de aprendices do ano 1965.



Na Escola de Aprendices



O día 14, 44 compañeiros fixemos unha visita ao estaleiro, embarcamos na lancha “Rías Altas 2” onde tomamos un aperitivo servido polo restaurante Mundial mentres percorríamos a ría de Ferrol, despois de desembarcar realizamos o xantar no restaurante Mundial de Fene.

O día 16, 14 compañeiros partimos en autobús cara a Briones para visitar a adega Vivanco convidados por Santiago Vivanco Sáenz á visita á adega , á cata, ao xantar e ao Museo da Cultura do Viño.



	
	Visita Bodega Invitación Comercial Fecha : 16/09/15 Inicio: 13:30 Ref.: 2/72693 13:20 / 4 N.Pers.: 15
	
	Visita Museo Invitación Comercial Fecha : 16/09/15 Inicio: 16:30 Ref.: 2/72693 13:20 / 4 N.Pers.: 15

Ao finalizar a visita partimos cara a Logroño para aloxarnos no hotel “Gran Vía” e cea libre pola Calle do Laurel.

O día 17 partimos cara a Gumiel del Mercado para visitar a adega Valduero convidados por Yolanda García Viadero á visita á adega, á cata, ao xantar, e a unha botella das anadas excepcionais.



Vista das anadas excepcionais na adega



Rematando o xantar, Yolanda ordenou subir unha das botellas magnum das anadas excepcionais. Agora descubrimos que de sobremesa tomamos unha botella de viño cuxo prezo é de máis de 3.300€ (Mais fotos aquí: [Astano](#) e aquí: [Vivanco e Valduero](#))